


ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do vinte e cinco de marzo de dous mil dez, aprobou a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e seis de marzo de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Senén Barro Ameneiro



NORMATIVA DE ASISTENCIA A CLASE NAS ENSEÑANZAS ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

(Acordo do Consello de Goberno do 25 de marzo de 2010)

O artigo 126 do *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC)* sinala que "a formalización da matrícula supón o dereito de asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia e a ser avaliado. Asemade, implica o deber de asistencia e realización daquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na guía docente. Con carácter singular para casos específicos, a xunta de centro poderá conceder a dispensa de asistencia a clase. Nestes casos, se fose necesario, poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral".

Tamén o artigo 40 dos citados Estatutos establece que o *Estatuto do Estudantado da USC* desenvolverá os dereitos e deberes dos estudantes e as condicións de estudo na Universidade, e precisamente no artigo 39, b) desta norma se inclúe como deber específico o de "*Asistir regularmente ás actividades lectivas programadas, salvo nos casos de exención que se autoricen*", e no artigo 41 que "*É deber dos estudantes a asistencia ás clases teóricas e prácticas propias de cada materia e a realización dos traballos complementarios axeitados*".

Pola súa banda, a *Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes* establece que os estudantes serán avaliados de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia e que, en xeral, se basearán, nalgunha ou nalgunhas das seguintes actividades: "*I. Asistencia e participación en clases teóricas, seminarios e outras actividades complementarias (...)*".

Tamén se indica que "*a programación docente dunha materia pode determinar a obriga de realizar certas actividades prácticas de laboratorio, entrega de traballos, etc. sen as cales non será posible a superación da dita materia. Se as ditas actividades só poden ser desenvolvidas durante o período de clase, a Comisión de Docencia do Centro pode establecer a imposibilidade de presentación destes alumnos á convocatoria de setembro*".

Polo tanto, a asistencia a clase se configura como un dereito/deber dos alumnos/as, sendo a programación docente de cada materia a que determina e concreta as actividades formativas obrigatorias.

A implantación do EEES supón que nos créditos ECTS deben establecerse novas perspectivas metodolóxico-didácticas, nas que debe existir un predominio do factor "aprendizaxe".

As consecuencias destes cambios afectan aos procedementos de avaliación que deben basearse na formación continua e nela un dos parámetros para o cálculo da relación créditos ECTS – carga de traballo do estudante, debe ser a asistencia a clase. o seguimento diario do alumnado a través da realización de diferentes actividades na aula debe ser un eixe para determinar a súa aprendizaxe.

A modo de exemplo, a USC, por Resolución Reitoral do 2 de abril de 2007 desenvolveu o Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao no que establece que o sistema de avaliación "*será por avaliación continua ou por probas ou traballos, segundo se estableza na guía docente e realizarase ao longo de todo o Máster. De contemplarse na guía docente, para superar determinadas materias deberá acreditarse a asistencia de, polo menos, o 80% das actividades presenciais programadas*".

A asistencia a clase non debería considerarse como un fin en si mesma, senón que o importante é valorar os resultados do proceso de aprendizaxe e os coñecementos adquiridos coa asistencia

ás actividades presenciais. Interesa que o profesorado faga ver ao alumnado os beneficios que fornece esta asistencia a clase: mellor comprensión da materia, adquisición de competencias en grupos e individuais, aprendizaxe continua, interacción directa con outros alumnos e alumnas, posibilidade dunha metodoloxía docente-discente máis participativa, etc..

Por outra banda, o coñecemento dos motivos da non asistencia a clase é importante para a mellora continua das titulacións. Determinar as causas (exceso de probas e traballos; sensación de perda de tempo; falta de motivación; excesivo peso das probas sobre a avaliación continua, e o proceso de aprendizaxe, utilización de metodoloxías de ensino-aprendizaxe pasivas, etc.) son fundamentais para unha mellora dos resultados da titulación. Deste xeito é necesario ter a información, analizar as causas e establecer pautas de mellora en conexión cos sistemas de xestión de calidade dos centros.

A asistencia a clase pode ter múltiples consecuencias de alcance individual e colectivo. Cómpre así determinar o sistema de valoración, os seus efectos sobre a realización de exames, o seu control, as causas de xustificación, as excepcións e o tratamento segundo o tipo de estudos deben ser algúns dos temas que cómpre regulamentar para garantir, dentro da diversidade de contidos e materias, un tratamento común para todo o alumnado das titulacións adaptadas ao EEES.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno da USC con data do 25 de marzo de 2010 aprobou a **NORMATIVA DE ASISTENCIA A CLASE NAS ENSEÑANZAS ADAPTADAS AO EEES**
PRIMEIRO.- SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación das competencias, coñecementos e habilidades adquiridas polos estudantes poderanse utilizar os seguintes sistemas:

- a) Avaliación continua
- b) Probas parciais de avaliación e exames finais acerca dos contidos das materias ou doutros compoñentes teórico-prácticos das mesmas.

A avaliación continua, de carácter formativo, estará baseada na utilización de diferentes procedementos de valoración da actividade do alumnado ao longo do curso e tamén poderá supoñer a realización de exames.

As probas parciais e os exames finais consistirán na valoración de parte da materia para o seguimento e de superalas poderán ser liberatorias da parte avaliada, conforme o que se estableza na programación/guía docente de cada materia.

A calificación final poderá incluír a avaliación, ademais do exame, doutros elementos (traballos, informes, etc.).

A programación académica deberá contemplar, de xeito explícito, un destes sistemas ou a combinación de ambos. Para estes efectos, as programacións docentes/ guías docentes de cada materia en cada curso académico deberán determinar os aspectos a avaliar, os instrumentos ou procedementos de avaliación (traballos conxuntos, individuais, exames parciais, finais, etc.) e os criterios de avaliación, así como a súa correspondente ponderación na cualificación final, especificando se se trata da oportunidade ordinaria do cuadrimestre ou da oportunidade extraordinaria de recuperación. As programacións/guías docentes en todo caso deberán respectar os criterios aprobados na memoria de grao ou do máster.

Os criterios, previamente aprobados polos órganos competentes, deberán ser publicados con anterioridade ao comezo do prazo de matrícula. De ser o caso deberá procederse á rectificación de criterios modificados ou dos seus posibles erros coa oportuna publicidade (web, taboleiro de anuncios e folia informativa, etc.) ao inicio das actividades docentes.

Os criterios de avaliación deberán ser en todo caso transparentes (publicidade dos criterios aprobados), coherentes cos obxectivos contidos e metodoloxía da materia, e formativos, que permitan unha oportunidade para a mellora da aprendizaxe ou do rendemento dos estudantes.

No sistema de avaliación establecido nas guías docentes, a asistencia a clase poderá ter a seguinte incidencia:

- Valorarse como un factor máis na avaliación continua
- Valorarse nunha porcentaxe establecida previamente na ponderación da cualificación final ou parcial
- Ser un requisito preceptivo para superar a materia ou para presentarse á realización de exames. Neste caso, na programación /guía docente da materia deberá indicarse a porcentaxe de presencialidade necesaria nas distintas actividades docentes programadas. Asemade cando se considere un requisito preceptivo para presentarse aos exames e con anterioridade á súa realización, deberá publicarse un listado do alumnado que satisfaga dito criterio para a realización dos mesmos.
- Non ter ningún tipo de valoración, sempre que non sexa contrario ao establecido na memoria da titulación

As faltas de asistencia non poderán puntuar negativamente na nota do exame final, pero si se poderán ter en conta na cualificación final como xa se indicou anteriormente. En todo caso, de realizarse nas sesións de aula actividades que teñan algún tipo de ponderación na cualificación final da materia, o alumnado que falte ás mesmas poderán compensar a súa ausencia coa realización dos traballos que lle sexan encomendados polo profesorado, sempre que teña sido previamente acordado na programación da materia aos efectos da avaliación continua ou final.

SEGUNDO.- ACREDITACIÓN DA ASISTENCIA A CLASE

Os Centros, en relación aos graos, e as Comisións Académicas, nos másteres, deberán acordar o sistema para o seguimento e control da asistencia ás actividades presenciais programadas conforme a planificación académica aprobada.

Mentres non exista un acordo xeral o docente encargado da materia ou o coordinador ou coordinadora na cado (no caso de ser impartida por máis dun docente) indicará o sistema de control de asistencia sempre que quede constancia documental do resultado.

Sen prexuízo da normativa que cada centro poida aprobar, cada profesor ou coordinador/a da materia que no sistema de avaliación contemple como elemento de valoración a asistencia a clase, deberá conservar os resultados dos controis de asistencia ata final de curso. Unha vez rematado o curso os entregará ao centro.

O centro arquivará as follas ou os resultados do sistema de acreditación de asistencias que lle facilite o profesorado durante dous cursos académicos.

O control das prácticas de campo ou aquelas actividades que se realicen en instalacións fóra da USC realizarase mediante o mesmo sistema.

A manipulación ou falsificación dos sistemas de control de asistencia determinará a consideración de non asistencia a actividade e deberá ser comunicado ao Reitorado, para, de ser o caso, proceder á apertura do correspondente expediente disciplinario.

TERCEIRO.- XUSTIFICACIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA

O alumnado poderá xustificar a falta de asistencia por razóns de indole persoal, familiar ou pola realización de deberes inescusables de carácter social debidamente xustificadas. Cando isto suceda e a xustificación fidedigna sexa adecuada e aceptada, a falta non implicará consecuencias negativas.

Son causas xustificadas as seguintes:

- A realización de exames oficiais ou probas selectivas na Administración, xustificada mediante a acreditación do órgano avaliador
- A presenza en órganos colexiados universitarios cando sexa representante dun colectivo, acreditado mediante a correspondente convocatoria
- O ingreso en centros hospitalarios ou as consultas médicas programadas, acreditado polo xustificante do centro médico
- A enfermidade que impida a presenza física no centro, debidamente acreditada
- A folga ou o paro académico colectivo
- A enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata o 2º grao, debidamente acreditada
- Cumprimento dun deber público debidamente xustificado
- Calquera outra causa de forza maior, a xuízo do Decanato, nos graos, ou da Coordinación do máster, nos másteres.

A acreditación de causa legal de falta de asistencia deberá realizarse perante o docente no prazo máximo de dez días dende que rematou a causa que lle impediu asistir. A xustificación presentada, unha vez aceptada, non se terá en conta nos listados de asistencia.

No caso de que o control de asistencia se realice por medios electrónicos, establecerase o sistema específico de comunicación e xustificación das faltas de asistencia .

CUARTA.- ALUMNOS E ALUMNAS CON NECESIDADES ESPECIAIS

O alumnado con necesidades educativas especiais derivadas da súa discapacidade poderán ter unha planificación e seguimento da súa actividade académica, que estea adaptada as súas necesidades especiais. Os Centros serán os encargados de determinar estas necesidades, que transmitirán aos Departamentos para a súa concreción e execución.

QUINTO.- ALUMNADO REPETIDOR

Naqueles supostos nos que o alumnado estivera matriculado na materia e superase os requisitos de asistencia nalgún dos dous cursos anteriores, o profesorado poderá determinar que se someta ao mesmo réxime do alumnado ordinario ou poderá determinar actividades de avaliación específicas para superar a disciplina, sen a necesidade de acudir a todas as actividades académicas programadas como obrigatorias. Na programación/guía docente especificaranse neste caso sistemas de avaliación específicos (aspectos a avaliar, instrumentos e criterios de avaliación así como a ponderación para a avaliación final).

SEXTO.- ASISTENCIA EN TITULACIÓNS DE MÁSTER

Nas titulacións de máster o réxime de asistencia será o establecido nos artigos anteriores, polo que, a programación xeral dos másteres, deberá sinalar, con anterioridade ao período de matrícula, as actividades académicas nas que se vai esixir a presencialidade, así como a porcentaxe de asistencia requirida.

SÉTIMO.- ANÁLISE DAS FALTAS DE ASISTENCIA

Os resultados anuais de asistencia por titulación serán obxecto de análise e informe polas comisións de calidade de cada titulación, debendo establecer as causas da falta de asistencia e concretar as medidas de corrección e mellora que se consideren oportunas. En todo caso estarán orientadas a que o alumnado valore as vantaxes da asistencia a clase nas súas diversas potencialidades para a calidade do ensino, da optimización dos recursos formativos como mellor coñecemento da materia, desenvolvemento de competencias individuais, aprendizaxe continuo, etc.

No caso de materias nas que se detecte unha reiterada falta de asistencia grave, a Comisión de calidade deberá reunirse para analizar a situación e tomar medidas de corrección e mellora

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- SISTEMA ELECTRÓNICO DE CONTROL

O control de asistencia das actividades establecidas como obrigatorias poderá establecerse mediante sistemas electrónicos..

En todo caso o sistema dará información aos centros e comisións académicas, aos departamentos e ao propio alumno sobre o seguimento das actividades.

Previa a implantación deste sistema poderán establecerse plans piloto en centros ou máster específicos para a mellora e seguimento do sistema.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- APLICACIÓN SUBSIDIARIA A ENSINANZAS NON ADAPTADAS AO EEES

O réxime establecido no presente acordo será de aplicación subsidiaria ás ensinanzas non adaptadas ao EEES.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

A programación académica do profesorado deberá adaptarse a esta norma para que sexa efectiva no curso 2010-2011.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente normativa derroga a cantas normas e resolucións se opoñan ao contido da mesma. A programación académica do profesorado deberá adaptarse a esta norma para que sexa efectiva no curso 2010-2011.

DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR

A presente normativa entrará en vigor no curso 2010-2011.